

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES IMPRESCINDIBLES

5º CURSO DE PRIMARIA

MATEMÁTICAS

- Resolve e formula problemas para os que cumpra recoñecer os aspectos cuantitativos da vida cotiá que se podan expresar empregando números e para os que haxa que ler, escribir, comparar, seriar, descompoñer, representar e ordenar números naturais, enteiros, fraccións
- Le, escribe, compón e descompón números de ata oito e nove cifras segundo a orde de unidades e o valor de posición Establecemento de equivalencias entre as distintas ordes de unidades dun número. Comparación e ordenación de números.
- Aplica os algoritmos das catro operacións básicas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais.
- Resolve problemas sinxelos, buscando o proceso de resolución máis adecuado, amosando actitudes de valoración das diferentes estratexias e perseveranza na busca de datos e de solucións precisas.
- Expresa de xeito ordenado e claro, oralmente e por escrito o proceso seguido.
- Comprende a importancia que a orde e a claridade teñen na presentación de datos e na busca da resolución correcta para detectar posibles erros. Tamén comprobar a capacidade de operar cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- Selecciona, en contextos de resolución de problemas familiares, os previamente estimados e expresa con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.
- Interpreta representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

RELIXIÓN

- Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben, xustifica as consecuencias de facelo e propón situacións na historia que manifestan o seu beneficio.
- Define o termo bíblico de Alianza, e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.
- Clasifica e é consciente do contido do Decálogo.
- Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.
- Os milagres narrados nos evanxeos.
- Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.
- Sinala afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Participa nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula.
- Comprende textos orais diversos interpretando as intencións explícitas así como as intencións , valores e opinión non explícitos
- Exprésase oralmente con corrección, usando diferentes textos orais segundo a situación comunicativa de que se trate e empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos sexan precisos.
- Produce textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refróns, ditos, conxuros lendas, contos, adiviñas, cántigas, cancións, etc.) co rimo e a entoación adecuados.
- Busca, localiza e selecciona información explícita en textos escritos de soportes variados.
- Produce textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións, informacións, etc.
- Le expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta.
- Coñece textos de literatura infantil en galego adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.
- Usa as bibliotecas de aula e do centro
- Analiza textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega
- Utiliza terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e a produción de textos.
- Recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
- Aplica correctamente os signos de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.
- Establece relacións entre as diversas linguas.

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñece os trazos do universo, do sistema solar e as características do planeta Terra.
- Define e diferencia tempo atmosférico e clima, os elementos do tempo atmosférico e os factores que condicionan o clima así como as distintas zonas climáticas do planeta e os principais climas de España e Galicia.
- Coñece as características básicas da poboación e organización política e territorial do Estado español e Galicia e valora a importancia das manifestacións culturais e lingüísticas dos territorios que o forman.
- Coñece as principais actividades económicas por sectores.
- Obtén información para identificar características significativas da sociedade nalgúns períodos pasados e situar os feitos relevantes.

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

- Utiliza normas de cortesía: saúdos, despedidas.
- Preséntase e presenta a outro compañeiro/a.
- Dá información básica sobre si mesmo e do seu entorno inmediato.
- Formula e responde sinxelas preguntas persoais.
- Fala e escribe sobre a data e o tempo atmosférico.
- Comprende textos orais e escritos e é capaz de extraer información global.
- Identifica o léxico de alta frecuencia das unidades traballadas.
- Busca información en diferentes soportes e escribe textos breves baseándose nun modelo.
- Fala e escribe sobre rutinas diarias e a hora na que se realizan.
- Utiliza as estruturas traballadas en forma oral e escrita sobre descrições, accións que se poden facer ou non, expresión de gustos e afeccións e posesións empregando presentes e algúns pasados simples.
- Compara aspectos lingüísticos e culturais das dúas linguas a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas relacionadas coas festividades propias e europeas.

CIENCIAS NATURAIS

- Coñece as características xerais dos seres vivos e en particular as plantas, a súa clasificación, así como as distintas formas de relación co medio.
- Coñece e describe distintos ecosistemas terrestres e acuáticos e os parámetros do medio físico que os definen.
- Coñece e valora o seu entorno e adoptar medidas que favorezan o seu coidado.
- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde. A función de relación.
- Identifica algúns dos usos que as persoas fan dos recursos naturais e da enerxía, así como algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados, valorando o seu impacto a curto e longo prazo.
- Recoñece as principais características da materia.
- Distingue entre diferentes tipos de máquinas simples e compostas máis usuais e cotiás e clasifícalas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Coñece e valora a propia persoa coas súas características, posibilidades e limitacións.
- Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos.
- Valora a orde, a responsabilidade, o respecto, a paz, a igualdade, a interculturalidade, a autoestima e o esforzo.
- Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.
- Expresa apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.
- Analiza e valora o entorno natural e social, desenvolvendo actitudes cívicas e de cooperación
- Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo.

EDUCACIÓN FÍSICA

- Utiliza a roupa, o calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Comprende a importancia para a saúde duns correctos hábitos de alimentación, de hixiene corporal e postural e de exercicio físico practicado de xeito regular e seguro.
- Soluciona conflitos de xeito razoable, recoñecendo as condutas inapropiadas na práctica da E.F.
- Interésase por coñecer e adquirir as destrezas das actividades pre-deportivas propostas, así como os seus regulamentos.
- Toma parte con interese e respecto polas normas en calquera tipo de xogo, aceptando os diferentes niveis de destreza e evitando calquera tipo de discriminación por razóns sociais, culturais, relixiosas, etc.
- Valora a súa participación en competicións (atletismo divertido, duatlón, carreira solidaria, de orientación...) independentemente do resultado obtido.
- Utiliza os recursos expresivos do corpo e do movemento en diferentes actividades físicas artístico expresivas, individuais ou colectivas.
- Ten interese en mellorar a súa competencia motriz (coordinación, equilibrio, habilidades motrices e capacidades físicas básicas) en contornas habituais e non habituais.
- Demostra autonomía e confianza, resolvendo problemas motores de xeito eficaz.
- Recoñece as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos e deportes populares e tradicionais, colectivos, individuais, cooperativos, competitivos, alternativos e actividades na natureza.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

MÚSICA

- Selecciona e aplica os coñecementos artísticos adecuados en actividades artísticas e expresivas.
- Utiliza o coñecemento de elementos musicais en producións propias e alleas.
- Coñece e respecta as principais manifestacións artísticas do contorno e da historia.
- Manexa a fruta doce con destreza.
- Recoñece e representa as notas musicais e relacionalas coas figuras, silencios e duracións.
- Recoñece sons instrumentais en audicións musicais.
- Improvisa ou interpreta individual ou colectivamente coa voz ou con instrumentos musicais cancións e fragmentos rítmicos e melódicos con e sen texto.

PLÁSTICA

- Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.
- Combina e analiza as distintas cores e texturas para as utilizar correctamente na composición
- Utiliza técnicas en dúas e tres dimensións e os seus diferentes recursos expresivos.
- Distingue o tema e o xénero de obras plásticas.
- Utiliza diferentes técnicas na realización dos seus traballos, facendo uso do recorte, o encartado, o pegado ou o cosido de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.
- Realiza representacións plásticas en debuxo, pintura e collage.
- Recoñece, respecta e valora algunhas das manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, especialmente as que foron declaradas patrimonio da humanidade.
- Aмосa interese pola materia e presenta todos os traballos, finalizándoos con orde e limpeza.

